



▯ *redacción > ferrol*

A XXII Xuntanza de Gaiteiros, que organiza a banda de gaitas tradicional Airiños de Fene, homenaxea ás 20.00 horas de hoxe ao Real Coro Toxos e Froles de Ferrol no local da sociedade Agarimo da parroquia Sillobre. A xuntanza contará coa presenza da formación Cántigas da Terra, o propio coro Toxos e Froles e a formación anfitriona, a banda Airiños de Fene. Como presentador do acto estará Pedro Blanco.

A Xuntanza de Gaiteiros é unha iniciativa que xurdiu no ano 1988. Nela, ademais de confraternizar diferentes formacións galegas adicadas ao mantemento da tradición musical folclórica, aprovéitase a oportunidade para levar a cabo “unha homenaxe a algunha persoa, grupo ou entidade caracterizada por gardar, recoller, recuperar e dar a coñecer o patrimonio musical galego”. Airiños de Fene sinala que nesta oportunidade “é un orgullo adicarlle a nosa xuntanza a unha asociación da que poderíamos ser os seus netos ou tataranetos”.

Derradeira xuntanza? > Airiños de Fene sinala nun angustioso comunicado que hai posibilidade de que a xuntanza deste ano sexa a derradeira que, tras 22 edicións, se celebra “se o noso Concello non reconsidera a súa postura con respecto ás subvencións”, manifesta. Así, a entidade folclórica fenesa láíase de que por parte municipal as axudas remitisen neste ano nun 20%, mentres que no apartado da Deputación, a redución económica diminuíu nun 25% “que nos dá que pensar”, sinalan. Así, Airiños de Fene sostén que “esta política de redución de subvencións –que no caso do noso Concello esperamos que fose un erro– a unha parte moi definida da programación cultural, a que ten que ver coa nosa música, baile e canto tradicional, pode orixinar que a Xuntanza de Gaiteiros teña que seguir, despois de 22 anos de andaina, un camiño que nós non queremos tomar: desaparecer”.